



UNIDADE DIDÁCTICA

Animais de Companhia

TEATRO DO NOROESTE

Espectáculo recomendado para nenos desde 6 anos.

Idades: Ensino Primario de 6 a 12 anos

Ensino secundario obrigatorio de 12 a 16 anos

INDICE:

- XUSTIFICACIÓN Pax. 1
- PRESENTACIÓN Pax. 1
- OBXECTIVOS Pax. 2
- CONTIDOS Pax. 3
- ACTIVIDADES Pax. 5-9
- RESUMO Pax. 8-9
- ANEXOS Pax. 10 - 18

Para máis información: correo@teatrodonoroeste.com

www.teatrodonoroeste.com



XUSTIFICACIÓN

Parécenos importante axudar ás nenas e nenos a aprender valores éticos. E, neste caso, preocupámonos unha temática moi actual: o respecto á diferenza.

O respecto a todas as diferenzas: de cor, raza, cultura, relixión, xénero...

É esta preocupación a que nos leva a crear un espectáculo no que as nenas e nenos, entendan estes valores éticos mentres se están a divertir.

Así chegamos a **Animais de Compañía**.

Animais de Compañía, é un proxecto de montaxe teatral que, partindo dun texto dun dramaturgo galego vivo -Eduardo Alonso- e tratando en clave de comedia unha situación cotiá nunha casa dunha moza nova amante dos animais, establece un paralelismo entre o que lle acontece ás súas mascotas: unha cadela vella e unha gata nova e o que acontece na sociedade actual. Como nas fábulas clásicas, os animais son personalizados, dotados de características humanas para, así, establecer unha reflexión singular sobre a nosa actual sociedade. **Animais de Compañía** é unha produción dunha compañía de longa traxectoria: Teatro do Noroeste, que, aínda que orientada ao teatro para adultos, presenta unha proposta de teatro familiar de contido transversal.

PRESENTACIÓN

Teatro do Noroeste, é unha compañía teatral de longa traxectoria que ten realizado representacións dos seus espectáculos por toda Galicia, con frecuentes saídas polo resto de España, que estrea e representa todos os seus espectáculos en lingua galega por toda Galicia. **Teatro do Noroeste**, é unha compañía que, na súa dilatada traxectoria ten producido e distribuído unha grande cantidade de espectáculos. Entre estes espectáculos pódense salientar desde textos clásicos como: *Rei Lear*, *Macbeth* ou *Noite de Reis*, de William Shakespeare, ou *As vodas de Fígaro*, de Caron de Beaumarchais, até textos máis contemporáneos como *Os Xustos*, de Albert Camus, ou de autores galegos vivos como *Historias Peregrinas*, ou *A grande noite de Fiz*, de Miguel Anxo Murado, *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro ou *Campo Sur* ou *A Mamma* de Lino Braxe, entre moitos outros, potenciando así a dramaturxia galega contemporánea.

Teatro do Noroeste, cumpre, no ano 2017, 30 anos de actividade teatral ininterrompida. Nestes 30 anos realizou un total de 36 producións teatrais, todas elas foron estreadas en teatros de Galicia e todas elas pasaron antes o despois por todo o País.

Neses 30 anos actuando, neses 30 anos de actividade cultural viva, esta compañía realizou un total de 1.250 representacións en outras tantas prazas de Galicia e tamén do resto de España.



Teatro do Noroeste, realizou e distribuíu varias obras para público infantil como foi O País acuático, de Eduardo Alonso, texto que obtivo a mención especial no concurso de teatro infantil “premio Estornela” da fundación Xosé Neira Vilas na súa edición do ano 2000, publicado na colección “Teatro para Nenos” de Edicións do Castro en 2001. No ano 2011 se representa o texto de Eduardo Alonso Piratas para teatro infantil. Texto que foi publicado no nº 68/2011 da Revista Galega de Teatro, na que o estudioso Manuel F. Vieites di: “Textos como este de Eduardo Alonso son necesarios como o son os espectáculos aos que dan lugar, pois inciden nesa liña de traballo tan necesaria pero tan abandonada neste país, onde o teatro para a infancia semella ser unha manifestación de segunda orde”

Teatro do Noroeste elaborou un importante número de unidades didácticas para os seus espectáculos, algunhas relacionadas cun só espectáculo e outras para unha serie de eles. A esta liña de traballo realizado durante anos, a compañía definiuna co título xenérico de: **O teatro como feito educativo**. Así, podemos salientar as unidades didácticas para os espectáculos sobre textos de William Shakespeare, Rei Lear e Macbeth e a unidade didáctica xenérica **Comedias**, para os espectáculos Noite de reis, As vodas de Fígaro e Historias peregrinas, como tamén as unidades didácticas para os textos de Miguel Anxo Murado e Suso de Toro, A grande noite de Fiz e Unha rosa é unha rosa, respectivamente. E sobre todo o plan didáctico realizado no 1993 que, patrocinado polo Concello de Santiago de Compostela, fixo que moitos adolescentes asistiran ás representacións de Galileo Galilei de Bertolt Brecht cunha unidade didáctica con título de **E sen embargo, móvese**.

OBXECTIVOS

- Configurar un espectáculo teatral que, baseado na estrutura clásica das fábulas, propoña unha historia sobre as relacións humanas e o respecto ás diferenzas. Como nas fábulas clásicas, dous animais toman características humanas para construír un proceso de aprendizaxe e toma de valores éticos.
- Posibilitar aos nenos, nenas e adolescentes opcións recreativas que lles poidan permitir integrárense como individuos na sociedade na que viven. Como é sabido, o feito escénico é un axente socializador de primeira magnitude.
- Poñer a disposición destes espectadores a posibilidade de que poidan interpretar correctamente a linguaxe escénica coa súa capacidade de transformar dunha forma máxica un espazo; de crear unha atmosfera que emite unha mensaxe suxerente, para que os rapaces e rapazas aprendan a descodificar formas comunicativas diferentes ás da aula.
- Axudar a que os nenos, nenas e adolescentes non sexan espectadores pasivos, consumistas, senón que, mediante a contemplación lúdica da obra de teatro, desenvolvan o seu espírito



crítico, o que lles permitirá afianzar as súas propias pautas de comportamento.

- Axudar a conformar uns futuros espectadores de calidade, críticos coa súa propia implicación na sociedade.
- Poñer a disposición dos profesores e profesoras unha ferramenta de grande utilidade na súa aplicación didáctica.
- Propoñer un debate sobre o respecto a todo tipo de diferenzas.

CONTIDOS

Os contidos desta obra teatral e cos que o seu desenvolvemento se promoven son (segundo o Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo para a etapa de educación primaria na CC AA de Galicia):

- Competencia en aprender a aprender.
- Competencia social e cívica.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Os contidos específicos son:

- O mundo teatral.
- As representacións teatrais.
- A igualdade: social, cultural, económica, raza e sexo.
- A imaxinación do alumnado.
- As situacións da vida cotiá.
- Traballo en equipo.



- Os cambios como método de mellora.
- O xogo dramático.
- Respeto ao outro.
- Aceptación de ideas diferentes á propia.
- Traballo colaborativo para chegar a unha finalidade común.



ACTIVIDADES NOS CENTROS EDUCATIVOS

De 6 a 9 anos (1º de primaria a 3º de primaria.)

PREVIAS

- Realización de caretas a partir dos bocetos elaborados pola compañía teatral das personaxes: Fedra e Maxa.
- Breve conto-resumo da historia que van ver nos próximos días. Os profesores relatarán a nosa historia sen desvelar o final, será cada nena/o quen propoña o peche da obra. Tras acudir ó teatro resolverán cal deles se achegou máis ao final orixinal.
- escoitar algunha das canción do espectáculo co docente de música e facer unha pequena análise do tipo de música. **LINKS NO ANEXO.**

POSTERIOR

- Cada nena/o ten que traer da casa, usando como fonte aos seus pais ou avós, unha pequena historia. Tal e como din Maxa e Fedra: cando se contan as historias xa son de todos e non só dos protagonistas, senón de quen as escoita.
- Escribir unha carta á compañía teatral contándolle como foi a experiencia de asistir a este espectáculo teatral.
- Xogo sobre igualdade. En pequenos gupos, uns alumnos adquiren o rol dun gato/a e outros dunha cadela/can. Deben interactuar e despois intercambiar os papeis para comprender coma se sente o outro.
- Debuxar. Cada alumno fai un debuxo dunha das personaxes, a que máis lle gustou, e despois explica por qué a elixiu.
- escoitar algunha das canción do espectáculo co docente de música e lembrar de que nos falaban Maxa e Fedra nese momento. **LINKS NO ANEXO.**



De 9 a 12 anos (4º de primaria a 6º de primaria)

PREVIAS

- Intercambio e debate de ideas sobre as diferenzas sociais, económicas, de raza e de sexo, onde os profesores deberán guiar sobre os valores éticos de igualdade.
- Breve conto-resumo da historia que van ver nos próximos días. Os profesores relatarán a nosa historia sen desvelar o final, será cada nena/o os que propoñan o peche da obra. Tras acudir ó teatro resolverán cal deles achegouse máis o final orixinal.
- escoitar algunha das canción do espectáculo co docente de música e facer unha pequena análise do tipo de música. **LINKS NO ANEXO.**

POSTERIOR

- Elaboración do plano onde transcurre a obra. Unha terraza con tellados lindeiros con dúas protagonistas.
- Elaboración dunha redacción sobre a temática do espectáculo.
- escoitar algunha das canción do espectáculo co docente de música e lembrar de que nos falaban Maxa e Fedra nese momento. **LINKS NO ANEXO.**
- Escribir unha carta á compañía teatral contándolle como foi a experiencia de asistir a este espectáculo teatral.
- Xogo sobre igualdade. En pequenos grupos, uns alumnos adquiren o rol dun gato/a e outros dunha cadela/can. Deben interactuar e despois intercambiar os papeis para comprender coma se sente o outro.
- Escribir entre todos a súa versión da obra e facer unha dramatización.



- Elaborar os seus propios traxes para as personaxes con materiais reciclados.
- Breve cuestionario:

Que foi o que máis e o que menos vos gustou?

Que personaxe se parece máis a ti na forma de pensar?

Que cambiarías da obra?

Que conclusións sacaches desta obra?



RESUMO

Nunha terraza dun piso alto da cidade, desde a que se divisan os tellados dos demais edificios, unha cadela –Fedra– agarda a chegada da súa ama, Rebeca. Hai xa bastante tempo que Rebeca marchou e aínda non regresou. Fedra está preocupada por cada son que escoita: coida que é Rebeca regresando e chama por ela, leda, pero de seguido se decata de que foi unha falsa alarma. A verdade é que Rebeca nunca ten tardado tanto en regresar.

Mentres agarda, Fedra cóntanos que ela foi recollida por Rebeca dun refuxio de animais. Realmente, até que apareceu Rebeca na súa vida, a vida de Fedra foi un ir de refuxio en refuxio e dun dono a outro sen parada. Fedra sempre estivo acollida pola protectora de animais. Conta como foi o día que, estando no refuxio, apareceu Rebeca á procura dunha mascota e todas as habilidades que Fedra desenvolveu para conseguir que Rebeca se fixara nela e a acollera.

Fedra canta unha canción explicando as súas habilidades. Mentres isto acontece aparece polo muro da terraza Maxa. Maxa é unha gata que vive ceibe nos tellados da cidade e, algunhas veces, aparece pola terraza de Fedra, para desespero desta que non quere intrusos nos seus dominios. Rebeca tamén lle ten un comedero de comida de gata a Maxa na terraza para que poida comer cando lle pete. Isto dá pe a Fedra para discutir con Maxa sobre se Rebeca é dona das dúas ou non. Para Fedra, que é unha cadela, é bo ter dono xa que os cans deben telo. Para Maxa, non. Ela di que unha gata de tellado non ten que ter dono e que, en calquera caso, ela non o ten. Obsérvanse as diferenzas de pensamento entre as dúas. Claramente non pensan igual.

Maxa canta unha canción indicando que ela é da rúa, unha gata ceibe sen dono. Maxa cóntalle tamén a Fedra que ven de durmir a sesta na pola dunha arbore, unha cerdeira. A cerdeira de Alberte Viches que está plantada nunha horta da rúa das Hortas e que existe grazas á teimosía do veciño Alberte Vilches que conseguiu, con paciencia e teimosía, que agromara unha cerdeira onde parecía imposible. Contando isto, Maxa baixa do muro e entra na terraza, pero Fedra non lle deixa pasar, entende que está para defender o territorio, e o seu territorio é a terraza, de xeito que non debe deixar entrar nel a ninguén.

Isto serve para que entre as dúas debatan sobre os territorios e as diferenzas entre quen os habita e quen, por necesidade, ten que entrar neles.

Esta discusión entre gata e cadela amplíase nunha cantiga que elas cantan a xeito de regueifa expresando as súas diferenzas. Ao remate resolven que defender un territorio non é non



deixar pasar ou entrar nel, defender un territorio é coidalo, limpalo e regarlle as flores e as plantas e telo sempre fermoso e ben presentado.

Concordan en que cada unha ve a cidade de xeito diferente. Fedra, a cadela, vea a pe de rúa e de escaleiras; Maxa, a gata, vea a vista de tellados e terrazas. Cada unha ten o seu punto de vista, como Xosé o Tanguero tiña do seu galpón. Xosé vía soamente un sinxelo galpón, pero os tratantes de Madrid vían un chalé en primeira liña de praia.

Maxa asómbrase das historias que conta Fedra e esta aproveita para cantarlle unha canción sobre a propiedade das historias contadas, que unha vez contadas xa son de todos. Pasan do contador ao que escoita e deste a quen escoite de novo. Deixan de ser dos protagonistas e pasan a ser dos espectadores. Contar unha historia é como regalala.

As dúas volven debater sobre as súas diferenzas, por exemplo, o xeito de saudárense que teñen os cans: cheirándose o cu, algo que a Maxa lle parece inadecuado. E os gatos, lambéndose todo o corpo facendo estrañas posturas, coma se fosen contorsionistas.

Fedra volve botar de menos á súa dona Rebeca e Maxa cóntalle que, estando polos tellados, viu unha manifestación na rúa de persoas que protestaban polos desafiuzamentos de casas da zona, e aínda que non a viu, pensa que escoitou entre os berros de protesta, a voz de Rebeca. En calquera caso, Fedra segue moi preocupada pola alarmante tardanza da rapaza.

Faise de noite e os tellados da cidade recórtanse sobre o horizonte nocturno. Como as dúas están tristes, Fedra decide ouvearlle á lúa, que é o que fan os cans cando están tristes. Como os gatos non ouvean, Fedra decide aprenderlle a Maxa a ouvearlle á lúa para espantar a tristura. Fano así e un coro de ouveos acompaña aos das dúas e esténdese por toda a cidade. Todos os cans da cidade únense no ouveo á lúa.

Como agora se atopan moito mellor, Fedra cóntalle a Maxa o seu paso polo forno da señora Juana. A señora Juana, que preparaba as mellores empanadas da cidade, pero que repartía os amoados entre todas as empanadas para que todos quedaran contentos, xa que o que hai que facer é repartir ben entre todo o mundo, que as empanadas con exceso de amoadado faise graxenta e donda e se o amoadado é escaso faise seca. O dito: hai que repartir.

Como Rebeca non dá chegado, Maxa decide transformar a Fedra, deixará de ser unha cadela de terraza, agora será unha cadela sen dono, unha cadela de tellado. Non é que existan as cadelas de tellado, pero algunha vez terá que ser a primeira, seguramente tampouco existían as gatas de tellado, algunha foi a primeira e agora os tellados están cheos delas. Pois Fedra será a primeira cadela de tellado. E para celebralo cantan entre as dúas unha canción que, como agora son animais ceibes, de rúa, a canción doada terá que ser un “rap”.



MATERIAIS AUDIOVISUAIS

Para o traballo na materia de música está a dispor dúas das canción do espectáculo. Atópanse no Vimeo, desde onde se poden visionar e descargar para traballo sen conexión.

A continuación os links aos vídeos:

Canción “Fedra e Maxa”

vimeo.com/241018858

Canción “Xa non sono animais de compañía!”

vimeo.com/241022292















